

PUBLICACIÓN

Asunto: XUV26_ Aprobación do prezo público para o Curso de Lingua de Signos A1.1 (2026/D001/000012)

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, en sesión celebrada o día 05.03.2026, acordou a aprobación de prezo público para o Curso de Lingua de Signos A1.1 tal e como se indica a continuación:

1. Aprobar a cota por persoa participante que será de 50 euros por participante.
2. Establecer o prezo reducido de 35,00 euros como medida de apoio a persoas: en situación de desemprego, estudantes, membros de familias numerosas, persoas con discapacidade e persoas vítimas de violencia de xénero.
3. As condicións para a xestión recadadora do evento serán as que establece a normativa municipal sobre prezos públicos; en todo caso, o ingreso do prezo público polo usuario realizarase con carta de pago emitida pola Recadación municipal a partir dos datos emitidos polo departamento xestor unha vez pechado o período de pre-inscrición, e en todo caso sometidas ao criterio da Tesourería municipal.
4. Débese publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento e efectos.

Rianxo, luns 9 de marzo de 2026.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín